

## TALENTO INVESTIGADOR



Prezada comunidade:

ÚLTIMOS DÍAS antes do peche da **chamada á ADSCRICIÓN para novas incorporacións de persoal investigador a ECOBAS**. A información completa desta convocatoria é pública na web do noso Centro e convidámosvos de novo a difundila nas tres Universidades do SUG para axudarnos a garantir que todas as persoas interesadas poidan dispoñer dela e concurrir a este proceso.

- PRAZO: aberto **ata o 20 de setembro de 2024 ás 23.59 h**
- PERSOAS DESTINATARIAS: persoal investigador do SUG para **nova incorporación a ECOBAS**
- BASES e Anexos accesibles en [www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)
- Imprescindible a presentación das expresións de interese a través do formulario online habilitado



## CHAMADA Á ADSCRICIÓN

- PARA NOVAS INCORPORACIÓNS
- PERSOAL INVESTIGADOR DO SUG

Temos ademais abertas neste intre **dúas ofertas de emprego en ECOBAS**, que vos animamos a consultar e diseminar entre os vosos contactos. E coma sempre na nosa cita semanal, repasamos a axenda e actualidade de interese para o desenvolvemento da tarefa investigadora. Saúdos!!

## TALENTO INVESTIGADOR



### >>> ALBERTO VAQUERO E MARÍA BASTIDA, RECOÑECIDOS CO 1º PREMIO ESTUDIOS FINANCIEROS 2024 NA CATEGORÍA DE CONTABILIDADE



Asinado polos investigadores de ECOBAS María Bastida Domínguez e Alberto Vaquero García, así como polo profesor Miguel Ángel Vázquez Taín (USC), o traballo titulado "Quando la misión pasa a ser propósito: medidas para un emprendimiento sostenible y equitativo" vén de ser reconecido co primeiro premio Estudios Financieros 2024 na categoría de Contabilidade.

Convertidos hoxe nun referente da investigación en España nas Ciencias Sociales y Jurídicas, estes galardóns foron creados polo Centro de Estudios Financieros (CEF) no ano 1990 co fin de "recoñecer e estimular o labor creador e de investigación, e valorando o seu carácter práctico".

Noraboa e moitos parabéns!!!

### >>> SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO/A SUPERIOR DE XESTIÓN PARA ECOBAS



Universidade de Vigo USC UNIVERSIDADE DA CORUÑA XUNTA DE GALICIA Co-funded by the European Union Fondos Europeos

[VER convocatoria pública 14/2024 da Universidade de Santiago de Compostela](#)

ECOBAS ten aberta ata o día 17/09/24 unha oferta de emprego para coordinación, seguemento e apoio administrativo das actividades do Centro. Condicións da oferta:

- Grao, licenciatura, enxeñaría ou equivalentes
- Contrato a tempo parcial (75%), horario de 9.00-14.15h
- Duración de contrato: 12 meses
- Ubicación: Santiago de Compostela
- Salario: 1.782,92€ brutos/mes
- Recepción de candidaturas:

**ATA o martes 17 de setembro de 2024**

### >>> OFERTA DUN POSTO PARA PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN FORMACIÓN



Universidade de Vigo USC UNIVERSIDADE DA CORUÑA XUNTA DE GALICIA Co-funded by the European Union Fondos Europeos

Aberta unha oferta de emprego para a realización dunha **tese de doutoramento vinculada ao proxecto New Heart: Mellora da saúde cardíaca na Eurorexión.**

Funcións: Análise causal para determinar os impactos socioeconómicos dos pacientes beneficiarios das novas tecnoloxías non invasivas - análise custo-beneficio.

Condicións da oferta:

- Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao de polo menos 300 créditos ECTS ou inferior a 300 ECTS con mestrado universitario, ou equivalente.
- Contrato a tempo completo (35 horas semanais), horario de 9.00-15.00h
- Duración de contrato: 26 meses
- Ubicación: Santiago de Compostela
- Salario: 1.298,61€ brutos/mes
- Recepción de candidaturas:

**ATA o martes 17 de setembro de 2024**

# AXENDA



## >>> I ENCONTRO 2024 DA ALIANZA GALEGA POLO CLIMA



Na súa calidade de membro da Alianza Galega polo Clima, da que xa forman parte integrante 150 entidades e empresas de todos os ámbitos, ECOBAS estará presente nesta primeira reunión na que se analizarán diversos casos de éxito das empresas ante os novos retos climáticos. A Coruña. Palacio de Congressos e Exposicións.



## >>> XORNADA "CONTRATACIÓN PÚBLICA ESTRATÉXICA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS: RECOMENDACIÓNS E BOAS PRÁCTICAS"



En colaboración coa UDC e FEGAMP, o investigador de ECOBAS **J.J. Pernas** organiza a II Xornada Economía Circular Local (ECIL) co obxectivo de analizar a realidade da contratación pública da xestión dos residuos municipais, concretamente os contratos de recollida e transporte de residuos e os de tratamento.

- Actividade presencial. Salón de Actos do Cersia.
- R/do Alcalde Raimundo López Pol. Santiago de Compostela ([Ver ubicación](#))
- Destinatarios: responsables políticos, técnicos municipais e profesionais vinculados á xestión de residuos municipais; estudantes de grao e público xeral.



[Ligazón ao formulario de inscrición](#)

## >>> A ECONOMÍA FEMINISTA E ECONOMÍA DO COIDADO



Con este título convoca este ano Woman Emprende a VI edición da Feira de Outono das Emprendedoras de Compostela, organizada conxuntamente coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Concello do 24 ao 27 de setembro.

O programa comprende diversas actividades entre as cales figura a conferencia online que impartirá a directora científica de ECOBAS, **María Loureiro**, para achegar as claves que a ciencia económica aporta para traballar por unha economía mais humana e ao servizo das persoas, e non ao revés.

- ACTIVIDADE ONLINE, vía TEAMS (proximamente información para a conexión)
- DATA: Mércores 25 setembro 2024
- HORARIO: 16.30 a 17.30 h



## AXENDA



### >>> III XORNADAS DIVULGATIVAS IUEM: NOVAS PERSPECTIVAS PARA A REGULACIÓN, XESTIÓN E CONTROL DAS VERTEDEURAS DE PLÁSTICO AO MAR



A investigadora de ECOBAS e Directora do Instituto Universitario de Estudos Marítimos (IUEM), **Isabel Novo Corti**, coordina a organización e participa os vindeiros 26 e 27 de setembro nas III xornadas divulgativas do Centro, nas que un amplo panel de expertos abordarán as perspectivas para o avance en materia de regulación, xestión e control das verteduras de plásticos aos nosos mares.

- Lugar: CEIDA: Centro de Extensión Universitaria e Divulgación ambiental de Galicia. Illa Santa Cruz s/n 15179 Porto de Santa Cruz. Oleiros
- Modalidade: presencial
- Inscripción gratuita.
- Entrega de diploma aos asistentes.
- [Consulta o programa detallado](#)
- [Accede á páxina de rexistro para este evento](#)




INSTITUTO  
UNIVERSITARIO  
DE ESTUDIOS  
MARÍTIMOS

### >>> LIBRA DE OFICIO | “DESCARBONIZANDO A ECONOMÍA: LUCES E SOMBRAS NA TRANSICIÓN ENERXÉTICA”



SAVE THE DATE!!! Afondando no desafío da transición enerxética, ECOBAS celebrará na Coruña unha nova edición da súa “Libra de Oficio”, na que contaremos coa intervención de Jorge Blázquez, Senior advisor for the energy transition and systems analysis da compañía multinacional BP e membro do Consello do British Institute for Energy Studies.

- Actividade **presencial**. A Coruña.
- Información detallada e acceso á inscrición, proximamente.



### >>> ECOBAS NA G-NIGHT 2024



Volve a noite europea das persoas investigadoras e de novo a G-Night contará con persoal de ECOBAS protagonizando actividades divulgativas das Ciencias Sociais nalgunhas das principais cidades galegas o derradeiro venres de setembro.



Na mesma data despregaremos tamén un espazo ECOBAS na expo-feira científica no Edificio Redeiras da Universidade de Vigo, onde daremos a coñecer como a investigación en Ciencias Sociais contribúe a crear unha sociedade máis xusta. A información polo miúdo estará accesible nos próximos días na [web oficial da G-NIGHT](#). Stay tuned!

PRODUCCIÓN  
CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

Rodríguez-Gulías, M.J.; **Fernández-López, S.**; Rodeiro-Pazos, D.

[Disentangling the Effects of Knowledge Spillovers and Family Firm Nature on Innovative Performance: a Multilevel Approach](#)

*Journal of the Knowledge Economy*

**Durán Santomil, P.**; Lombardero Fernández, P.C.; **Otero González, L.**

[Do performance measures matter for stock mutual funds? An international analysis](#)

*International Journal of Emerging Markets*

**Pernas García, J. José**; Sánchez González, J.

[Hacia una gestión local estratégica de los residuos municipales: los programas locales de prevención y gestión y su interrelación con los instrumentos jurídicos de la Ley 7/2022](#)

*Cuadernos de derecho local*

**Vaquero Garcia, A.**; Villanueva Villar, M.; Rivo López, E.

[La inclusión educativa de personas con capacidades diferentes: el alumnado con diversidad intelectual en la Universidade de Vigo](#)

*Revista de Educación Inclusiva*

Graña-Alvarez, R.; Gomez-Conde, J.; **Lopez-Valeiras, E.** & **González-Loureiro, M.** (2024)

[Management control systems, business financial literacy and financial leverage in business-incubated start-ups](#)

*The British Accounting Review*

**López-Penabad, M<sup>a</sup> C.**; Maside-Sanfiz, J. M.; Agha, Y.; Iglesias-Casal, A.

[Microfinance Institutions and Corporate Social Responsibility. A scientometric study](#)

*Future Business Journal*

Picatoste, X.; Tirca, D.M.; **Novo-Corti, I.**

[Perception about sustainable development goals among Erasmus students in a Spanish university](#)

*International Journal of Sustainability in Higher Education*

**Calvo-Porrá, C.**; Rivaroli, S.; Orosa-González, J.

[Proposal and Validation of a Measurement Scale of the Acceptance of Ultra-Processed Food Products](#)

*Foods*

**Vaquero García, A.**; **Bastida, M.**; Vazquez Taín, Miguel Á. & Del Río, M. (2024)

[The Broad Spectrum of Sustainability and the Social Economy: Perspectives from Bibliometric Data](#)

*Journal of the Knowledge Economy*

**Ozcelik, N.**; **Rodríguez, M.**; **Sartal, A.**; Lutter, S. (2024)

[Taking away the economic “water productivity” illusion: An indicator inapt to inform meaningful water policies](#)

*Ecological Indicators*

COMUNIDADE



»»» **II PREMIO “GALICIA RENOVABLE” DA CÁTEDRA GREENALIA-UDC PARA TFG E TFM SOBRE TRANSICIÓN ENERXÉTICA** 



Poderá participar o alumnado dunha titulación de grao ou mestrado en calquera das universidades galegas do SUG que presenten o seu TFG ou TFM entre o 27 de setembro de 2023 e o 20 setembro de 2024.

O **prazo** de recepción de solicitudes foi ampliado **ata o 20 de setembro de 2024**.

O xurado avaliará as solicitudes no mes de setembro de 2024.

**ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS** 

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



[www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)

